

|  |   |
|--|---|
| <b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b> | GALICIA   |
| <b>Municipio</b>                                   | VILALBA   |
| <b>Edificio</b>                                    | Capela de Santo Adrao de Goiriz   |
| <b>Dirección</b>                                   | Lugar de Santo Adrao, s/n. 27840  |
|  | 43.350088 -7.619415   |
| <b>Protección</b>                                  |   |
| <b>Descricion</b>                                  | <p>Edificación relixiosa do século XVII, de planta rectangular cunha soa nave e cuberta a dúas augas con xisto.</p> <p>A fachada principal presenta unha zona porticada cun enreixado metálico, e unha porta de aceso. O conxunto remata cunha espadana dun só oco con cruz metálica no cume e pináculos con punta de diamante nos laterais.</p> <p>Formando parte dun dos muros laterais do exterior desta capela podemos ver un sartego de época prerromana. Dito sartego posúe un UNS OCOS por onde os feligreses introducen todo tipo de esmolos.</p> <p>O interior da capela alberga un retablo de dous corpos que remata en frontón triangular, que posúe a seguinte inscrición:<br/> “ESTA CAPILLA FUNDÓ D. RAMÓN Y LUACES Y SU MUJER D<sup>a</sup> RAMONA DE MONTENEGRO. AÑO DE 1685 Y ESTE RETABLO AÑO DE 1703”.</p> <p>O retablo posúe varias imaxes: un San Pedro de época barroca; dúas imxes de Santo Adrao, unha delas do século XVII; unha Inmaculada do século XVII; un Cristo en terracota do século XIX; unha imaxe de San Rosendo.</p> |
| <b>Campás</b>                                      | 1 campá.  |
| <b>Fotos</b>                                       | 2   |
| <b>Toques actuais de campás</b>                    |   |
| <b>Conservación, mantemento</b>                    |   |
| <b>Propostas</b>                                   |   |
| <b>Autors da documentación</b>                     | FRANCO BARROS, Oscar / PATRIMONIOGALEGO.NET   |
| <b>Data</b>  | 09-11-2023  |

## Campás actuais

| Localización | Campá                  | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|--------------|------------------------|----------|------------------|------------------|------|
| Espadana     | <a href="#">Única.</a> |          | 1822             | 45               | 53   |

Información completa: [Capela de Santo Adrao de Goiriz - VILALBA \(GALICIA\)](#)